

# ::Axenda cultural AELG::

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

## Obras gañadoras da I Gala do Libro Galego

Publicado o **16 Maio 2016** por [asociacionescritoras-es](#)



A I [Gala do Libro Galego](#) tivo lugar no Teatro Principal do Concello de Santiago de Compostela. Con esta convocatoria preténdese recoñecer a excelencia do traballo literario realizado no ámbito editorial ao longo do ano 2015 en Galicia. Estas distincións, sen dotación económica, foron determinadas por un xurado externo sobre unha listaxe de obras finalistas conformada polas bases asociativas da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), da Asociación Galega de Editoras e da Federación de Librarías de Galicia, entidades convocantes da Gala do Libro Galego.

A seguir, as obras gañadoras nas distintas categorías:

### **Ensaio**

- *Poesía Hexágono. Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas*, VV. AA. Apiario.

O xurado estima a obra como unha ferramenta necesaria para as aulas co obxectivo de tratar este xénero considerado secundario na didáctica escolar. Valórarse tamén este libro pola súa centralidade no tema proposto así como polas posibilidades prácticas que ofrece para a intervención creativa nas aulas.

### **Tradución**

- *Mocidade* (Joseph Conrad), en tradución de Alejandro Tobar. Hugin e Munin.

O xurado valora nesta tradución o importante labor de documentación que enriquece a lectura e axuda a acceder en profundidade ao orixinal cunha lectura fluída.

### **Proxecto literario na rede**

- *Poétic@*, de Fran Alonso.

Valórarse a innovación desta proposta, que eleva á rede un proxecto literario poético único á procura da permanente construcción renovadora.

### **Literatura infantil e xuvenil**

- *O meu pesadelo favorito*, de María Solar (ilustracións de María Lires). Galaxia.

Estimouse a convención dunha construcción narrativa con trazos surrealistas que axudan a desenvolver un mundo onírico no público lector.

### **Iniciativa bibliográfica**

- *Lendo lendas, digo versos*, de Antonio G. Teijeiro e Antonio Reigosa (ilustracións de Xosé Cobas). Xerais.

O xurado valora o excepcional traballo de conciliación da literatura oral coa escrita, harmoniosamente acompañado polo labor de ilustración. Recoñécese tamén o valor da obra finalista, polo esforzo de autoedición, pola súa calidade estética e pola atención a un campo considerado menor dende a apostila pola tradición actualizada.

### **Iniciativa cultural ou de fomento da lectura**

- *Espazo Lectura*.

Valórarse o fomento da lectura a pé de rúa, no día a día e para todas as idades, e cunha progresión na intensidade de traballo notábel en diversos ámbitos do proxecto.

### **Libro ilustrado**

- *Cadros dunha exposición. Modest Mussorgsky*, de Xosé Cobas (texto de José Antonio Abad Varela). Kalandraka.

Polo seu lirismo e a coherencia gráfico-textual coa elegancia da ilustración

### **Teatro**

- *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas. Xerais.

Sobrancéase o dominio dunha escrita coidada e dirixida ao público infantil dentro do

xénero dramatúrxico.

### Xornalismo Cultural

– [Sermos Galiza](#).

Pola constancia da atención ao xornalismo cultural, sustentada na atención preferente a trasladar á sociedade a diversidade das producións do seu sistema literario.

### Narrativa

– [O último día de Terranova](#), de [Manuel Rivas](#). Xerais.

Pola súa complexa arquitectura, esixente, que recoñece o labor de libreiras e libreiros a través dun percorrido emocionante.

### Poesía

– [oso, mamá, si?](#), de [María Lado](#). Xerais.

Destácase a unidade do poemario, vinculado á construcción dun relato que une a tenrura ás condicións más escuras do ser humano, transitando por un campo emocional moi diverso.

Ademais, entregáronse os premios honoríficos de cada unha das entidades convocantes. A Federación de Librarías de Galicia outorgoullo á Librería Pedreira, de Santiago de Compostela; a Asociación de Editores Galegos premiou a Editorial Laiovenzo e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega concedeu o galardón [Escritor Galego Universal ao autor catalán Pere Gimferrer](#).

A Gala, presentada polo xornalista e escritor [Camilo Franco](#), contou coa actuación musical do grupo de teatro musical Áureas.

Co apoio do Concello de Santiago, Consellaría de Cultura, Deputación da Coruña, Centro Español de Derechos Reprográficos (CEDRO), e coa colaboración da Fundación Luís Seoane.